



GUÍA RSE PARA O SECTOR TÉXTIL

INTRODUCCIÓN AOS CONCEPTOS
DE RESPONSABILIDADE SOCIAL EMPRESARIAL
E AS SÚAS FERRAMENTAS



A GUÍA RSE PARA O SECTOR TÉXTIL

PUBLICOUSE PARA A SÚA
CONSULTA E DIVULGACIÓN,
EN SOPORTE DIXITAL,
CO FIN DE EVITAR O CONSUMO
DE PAPEL E, DESTE XEITO,
PROTEXER O MEDIO



GUÍA RSE PARA O SECTOR TÉXTIL

INTRODUCCIÓN AOS CONCEPTOS
DE RESPONSABILIDADE SOCIAL EMPRESARIAL
E AS SÚAS FERRAMENTAS



Elaboración e edición
Adaptarse Soluciones

Diseño e maquetación
Múltipla Imagen Global

Iconografía
The Noun Project



00

ALCANCE E OBXECTIVOS DA GUÍA

INTRODUCCIÓN AOS CONCEPTOS DE RSE E AS SÚAS FERRAMENTAS



01

PREGUNTAS E RESPOSTAS

DESFACENDO A MARAÑA



02

PROXECTOS E INICIATIVAS ÚTILES

FACENDO UN TRAXE Á MEDIDA



03

QUEN É QUEN EN RSE?

TIRANDO DO FÍO



04

O CONTEXTO ACTUAL, CARACTERÍSTICAS CONXUNTURAIS

ENFIANDO A AGULLA



05

INICIATIVAS GALEGAS EN RSE

PARA MOSTRA UN BOTÓN



06

A MEMORIA DE SUSTENTABILIDADE

UN BO ESCAPARATE AXUDA A VENDER



07

**RECOMENDACIÓNS E FERRAMENTAS DA RSE PARA
O SECTOR TÉXTIL-CONFECCIÓN** AGULLA E FÍO



00 ALCANCE E OBXECTIVOS DA GUÍA

—
INTRODUCCIÓN AOS CONCEPTOS
DE RESPONSABILIDADE SOCIAL EMPRESARIAL
E AS SÚAS FERRAMENTAS

Dende a RSE da Xunta de Galicia, e seguindo coa folla de ruta planificada por esta no seu Plan estratéxico da RSE en Galicia 2012-2014, acometeuse a realización dunha serie de guías que lles axudarán as pemes galegas a introducirse no mundo da responsabilidade social empresarial (RSE) e que as dotará de ferramentas para iniciar o camiño cara a un comportamento responsable e a súa comunicación. A multitude de iniciativas, normas e certificacións existentes a día de hoxe nesta materia pode chegar a desorientar e a desincentivar as empresas con poucos recursos para incorporar a RSE á súa xestión; por iso, esta guía pretende ser un manual de supervivencia, de doado uso, no que a empresa poida atopar o seu xeito de facer RSE.

O sector téxtil-confección é un dos de maior relevancia na economía galega. E un indicador desta realidade é a aprobación, por parte da Xunta de Galicia, dun plan estratéxico do téxtil en Galicia 2010-2012, denominado Plan téxtil moda Galicia visión 2020 que, pola súa vez, está enmarcado no [Plan estratéxico Galicia 2010-2014](#).

Este plan, consensuado no proceso de diálogo social, e no que interviñeron sindicatos e representantes empresariais, axentes sociais e a Xunta de Galicia, pretende atender as necesidades dun sector de grande importancia para a economía galega e que está a ser especialmente castigado pola crise.

O sector téxtil debe aliñarse cos obxectivos estratéxicos marcados no devandito plan para consolidarse e, deste xeito, adaptarse a un ámbito económico cambiante, ás tendencias en materia de xestión empresarial e ás novas esixencias do consumidor.

Para os efectos do alcance desta guía, enténdese que pertencen ao sector téxtil-confección¹:

- As empresas cuxa actividade principal é a venda polo miúdo.
- As empresas que posúen unha ou varias marcas propias e que as comercializan.
- As empresas fabricantes: dende talleres de confección, ata empresas con alto grao de especialización tecnolóxica.
- As empresas de servizos auxiliares especializados.

En definitiva, o obxectivo desta guía é facilitar a incorporación de conceptos de RSE na xestión, achandando o camiño e facilitando o proceso de reflexión que leva a identificar as áreas onde unha empresa pode empezar esta travesía. Para facilitar esta tarefa, expóranse as distintas ferramentas actuais relacionadas coa RSE e especificáranse as que poden ser de maior interese para cada caso ou tipo de empresa.

Esta guía non pretende analizar en profundidade o sector téxtil, senón que, en función das súas características, resume as iniciativas e as ferramentas de RSE que máis se adaptan a el. Cada empresa debe reflexionar sobre se estas son ou non as iniciativas máis apropiadas segundo o seu contexto.

Esta guía pretende ser un manual básico, de doado uso, no que a empresa poida atopar o seu xeito de facer RSE

Esta guía non pretende analizar en profundidade o sector téxtil senón que, en función das súas características, resume as iniciativas e as ferramentas de RSE que máis se adaptan a el

1. Confederación Industrias Têxtils de Galicia. [Plan estratéxico sector téxtil visión 2020](#).

A GUÍA ESTRUTÚRASE NOS SEGUINTES MÓDULOS INDEPENDENTES:

**01
PREGUNTAS
E RESPOSTAS:**

- “DESFACENDO
A MARAÑA”

**02
PROXECTOS
E INICIATIVAS
ÚTILES:**

- “FACENDO UN TRAXE
Á MEDIDA”

**03
QUEN É QUEN
EN RSE?:**

- “TIRANDO DO FÍO”

**04
O CONTEXTO
ACTUAL,
CARACTERÍSTICAS
CONXUNTURAIS:**

- “ENFIANDO
A AGULLA”

**05
INICIATIVAS
GALEGAS
EN RSE:**

- “PARA MOSTRA
UN BOTÓN”

**07
RECOMENDACIÓNS
E FERRAMENTAS
DA RSE PARA O
SECTOR TÉXTIL:**

- “AGULLA E FÍO”

**06
A MEMORIA DE
SUSTENTABILIDADE:**

- “UN BO ESCAPARATE
PODE AXUDAR
A VENDER”



01 PREGUNTAS E RESPOSTAS

—
DESFACENDO A MARAÑA

01. PREGUNTAS E RESPOSTAS: “DESFACENDO A MARAÑA”

RSE SECTOR TÉXTIL

O obxectivo deste punto é responder as preguntas máis frecuentes sobre RSE que é necesario aclarar antes de afondar na guía e na RSE específica do sector téxtil.

QUE SE COÑECE POR RSE?

O termo “responsabilidade social empresarial” (RSE) fai referencia ao bo goberno da empresa, a unha xestión ética e sustentable e, máis amplamente, ao conxunto de compromisos que unha empresa adquire para xestionar o seu impacto no ámbito laboral, social, ambiental e económico, no intento de facer compatibles o obxectivo financeiro tradicional de obtención do máximo beneficio coa xeración de beneficios para o conxunto da sociedade. A responsabilidade social das empresas comeza alí onde remata a lexislación e por iso se adoita afirmar que a RSE é voluntaria, porque son compromisos que a empresa adquire máis alá das súas obrigas legais. Para coñecer máis: rse.xunta.es

QUE TIPO DE ACCIÓNS SE PODEN CONSIDERAR DE RSE?

Dependendo da actividade, do sector ou dos países nos que se opera, a lexislación aplicable pode cambiar e, polo tanto, as accións consideradas de RSE tamén. Poden considerarse accións de RSE, por exemplo, integrar persoas con risco de exclusión social no equipo, promover a reciclaxe entre as persoas que traballan na empresa e as súas familias, reducir o consumo enerxético ou vixiar as condicións de traballo dos provedores. Pero todas as accións de RSE teñen como punto de partida coñecer as expectativas dos grupos de interese, minimizar os riscos asociados á actividade (á marxe dos financeiros) e positivizar os impactos da actividade, tanto económicos coma sociais e ambientais.

QUEN SON OS GRUPOS DE INTERESE?

O termo “grupo de interese” (stakeholders) foise impoñendo progresivamente para designar a todas as persoas, grupos ou organizacións que manteñen unha relación directa ou indirecta coa empresa; están dentro e fóra da empresa e poden afectar ou ser afectadas polas actividades desta positiva ou negativamente. Para coñecer máis, [visite a web de RSE da Xunta de Galicia](#).

CALES SON OS MEUS GRUPOS DE INTERESE?

Cada empresa debe identificar os seus propios grupos de interese¹. En calquera caso, e á marxe de como se clasifiquen, xeralmente recoñécense como principais os seguintes grupos de interese: clientes, persoas traballadoras, accionistas, provedores, medio natural e comunidade local. Outros posibles grupos de interese serían: administracións públicas, medios de comunicación, a nosa competencia ou a sociedade en xeral.

POR ONDE PODO EMPEZAR PARA IMPLEMENTAR A RSE?

Pode acontecer que, dentro da empresa, se estean a realizar accións de RSE e se descoñeza, polo simple feito de que non se realizan baixo unha política concreta de RSE. O primeiro paso recomendable é facer un diagnóstico na organización para identificar esas posibles accións que xa se estarían a levar a cabo. Hai para iso ferramentas de diferente grao de utilidade e facilidade de aplicación e algunhas delas recóllense nesta guía.

Pode acontecer que, dentro da empresa, se estean a realizar accións de RSE e que se descoñeza polo simple feito de que non se realizan baixo unha política concreta de RSE



1. Para obter máis información sobre os grupos de interese, recomendamos que se lea o caderno de Forética, [“Diálogo con los grupos de interés”](#).

01. PREGUNTAS E RESPOSTAS: “DESFACENDO A MARAÑA”

Tamén se pode contratar unha empresa externa e experta nestes temas para que realice o diagnóstico. Con esta guía, as empresas poderán ter unha orientación para lles dar prioridade a actividades que queiran realizar, en función das ferramentas dispoñibles e das características do sector.

É A RSE UN CONCEPTO NOVO?

Malia que podemos afirmar que sempre existiron empresas que realizan accións responsables ou irresponsables, hai unha serie de factores que impulsaron que, duns anos a esta parte, o concepto da RSE estea a gañar notoriedade. Podemos destacar un modelo de desenvolvemento que xera danos no medio natural, na propia globalización ou nos cambios no modelo produtivo no que a produción se desvía a países en vías de desenvolvemento. Tamén intervéñen de forma definitiva unha sociedade civil cada vez máis esixente e demandante de información veraz e verificable sobre o comportamento das empresas.

QUE DIFERENZA HAI ENTRE RSE E RSC?

As siglas RSE refírense a “responsabilidade social empresarial” e RSC a “responsabilidade social corporativa”. En liñas xerais, utilízanse indistintamente, aínda que a RSC engloba máis organizacións aparte das empresas, como fundacións, ONG ou administracións.

UNHA PEME PODE FACER RSE?

A peme, comparada cunha grande empresa, é máis vulnerable ás necesidades de financiamento, ao comportamento do seu equipo, ao servizo dos seus provedores... e, en definitiva, ao comportamento dos seus grupos de interese. Por iso debe establecer alianzas máis duradeiras e sustentables, porque non ten a capacidade de presión das grandes empresas nas negociacións. Pero, ademais, como axente social, a empresa pequena ou mediana pode implicarse mellor ca unha grande no desenvolvemento da comunidade na que opera e responsabilizarse do seu papel como motor de cambio. Polo tanto, unha peme si pode facer RSE, aínda que esta será diferente á dunha grande empresa.

É CERTIFICABLE A RSE?

Existen certificacións asociadas a dimensións específicas da RSE; por exemplo, pódese certificar o sistema de xestión, as compras responsables, o desenvolvemento de políticas de igualdade e non discriminación, a información incluída nunha memoria de sustentabilidade ou a medición do impacto ambiental, pero non se pode certificar de xeito íntegro a RSE. O comportamento responsable dunha organización e dos seus membros virá lexitimado polos seus grupos de interese, aínda que algunhas certificacións, estándares internacionais ou selos axudan a comparar resultados e a poder comunicar esa responsabilidade.

QUE É UNHA MEMORIA DE SUSTENTABILIDADE?

A memoria de sustentabilidade (tamén coñecida como memoria de RSE ou tripla conta de resultados) é un documento público para que a empresa lles dea a coñecer aos seus grupos de interese e ao público en xeral os seus valores, as accións desenvolvidas en materia de RSE e os seus obxectivos de mellora. A memoria é unha evidencia do compromiso da organización e dos seus membros cun desenvolvemento sustentable e ofrece resultados de desempeño na xestión económica, social e ambiental desta. A memoria de RSE é unha potente ferramenta de comunicación, visibilidade e transparencia que achega as empresas a unha tendencia que se consolida nos mercados internacionais, cada vez máis esixentes.

RSE SECTOR TÉXTIL

Unha peme pode facer RSE, aínda que esta será diferente á dunha grande empresa

Existen certificacións asociadas a dimensións específicas da RSE; por exemplo, pódese certificar o sistema de xestión, as compras responsables, o desenvolvemento de políticas de igualdade e non discriminación, a información incluída nunha memoria de sustentabilidade ou a medición do impacto ambiental, pero non se pode certificar de xeito íntegro a RSE

A memoria de sustentabilidade é un documento público para que a empresa dea a coñecer as accións desenvolvidas en materia de RSE e os seus obxectivos de mellora



É O MESMO RSE CA ACCIÓN SOCIAL?

Non. Ambas teñen puntos en común e, en determinados ámbitos, dilúense os límites que as separan, pero son enfoques de moi distinta natureza. Malia que a acción social pode ser allea á actividade da empresa (patrocinio de eventos deportivos ou doazóns), non podería pasar o mesmo coa RSE. Esta abrangue accións para mellorar as relacións con provedores, por exemplo, ou para reducir o impacto ambiental. Pero, ademais, as actividades que se levan a cabo baixo as políticas de RSE deben estar aliñadas coa actividade e cos obxectivos estratéxicos da empresa.

CANTO ME CUSTA A RSE?

Como veremos máis adiante, existen multitude de “camiños” cos que entrar na RSE. O custo económico dependerá do punto de partida e do grao de implicación que se desexe ou que se necesite. En calquera caso, o compromiso da alta dirección é imprescindible para a implantación con éxito de calquera iniciativa no ámbito da RSE e débese prever destinar recursos financeiros, tempo e persoal para a súa axeitada implantación.

QUE VANTAXES TEN SER SOCIALMENTE RESPONSABLE?

É moi importante diferenciar entre a finalidade da RSE e a utilidade da RSE. A finalidade de incorporar criterios de responsabilidade social na empresa non pode ser outro ca o de camiñar cara á excelencia. Por outro lado, están as utilidades da RSE que son as que xeralmente se coñecen como “vantaxes da RSE”. Estas non deben constituir en si o obxectivo polo que empezar este proceso, senón un efecto desexado. Estas vantaxes maniféstanse na mellora das condicións de compra a provedores, na mellora da produtividade, na redución do consumo enerxético ou na captación de nova clientela, por exemplo.

QUE É UN CÓDIGO DE CONDUCTA?

Un código de conduta é unha declaración expresa da política, dos valores ou dos principios en que se inspira o comportamento dunha empresa no que atinxe ao desenvolvemento dos seus recursos humanos, á súa xestión ambiental e á súa interacción cos consumidores, cos clientes, cos gobernos e coas comunidades nas que desenvolve a súa actividade². Existen moitos tipos de códigos de conduta. Segundo o seu alcance, podemos atopar códigos internos, códigos de provedores ou códigos de boas prácticas comerciais. Ademais, cada código pode levar asociados mecanismos para velar polo seu axeitado cumprimento e sistemas de sancións. Ao longo da guía, recóllense diversas iniciativas que poden orientar a peme na elaboración dun código de conduta.


QUE SON OS INDICADORES DE DESEMPEÑO?

Cando a organización quere comunicar a evolución dos seus resultados faino mediante indicadores de desempeño, que poden ser económicos, sociais ou ambientais. Son “números” que nos axudan a medir o noso impacto. Exemplo de indicadores do desempeño económico pode ser a cifra de vendas ou a relación dos salarios co salario mínimo profesional; do mesmo xeito, son indicadores de desempeño social as horas ou os recursos económicos dedicados á formación de traballadores ou á relación salarial home/muller dentro da organización; e indicadores do desempeño ambiental, da taxa de reciclaxe de papel ou do número de multas e sancións por non cumprir a normativa ambiental.

Existen moitos tipos de códigos de conduta. Ao longo da guía, recóllense diversas iniciativas que poden orientar as pemes na elaboración dun código de conduta



2. Definición adoptada polo Consello Xeral da OIE, Xenebra, 11 de xuño de 1999.



02 PROXECTOS E INICIATIVAS ÚTILES

-
FACENDO UN TRAXE Á MEDIDA

02. PROXECTOS E INICIATIVAS ÚTILES: “FACENDO UN TRAXE Á MEDIDA”

Na actualidade, existen multitude de iniciativas promovidas tanto polas administracións públicas coma por ONG e organizacións privadas que lles poden axudar ás empresas a introducirse no mundo da RSE. Seguindo co enfoque principal desta guía, que é facilitarlles ás pemes galegas do téxtil o acceso á información que lles poida ser de utilidade para introducirse no mundo da responsabilidade social empresarial, seleccionamos os proxectos que, ben pola súa relación co sector, por estar enfocados a pemes ou ben pola súa versatilidade, poden resultar de utilidade para establecer os primeiros pasos en materia de RSE.

Para facilitar a selección dos proxectos que poidan ser máis interesantes, acompañamos cada iniciativa coas seguintes iconas:

-  Específica para PEME
-  Calquera tamaño
-  Gratuíto
-  De pagamento
-  Específico sector téxtil
-  Multisectorial
-  RSE en xeral
-  Medio natural
-  Organización
-  Compras responsables

FERRAMENTA XUNTA PRO-RSE



A Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia elaborou unha ferramenta informática que lles facilitará ás empresas introducir a xestión da RSE nas súas estratexias e operacións. Esta ferramenta pioneira será útil tanto para as empresas que non se iniciasen neste campo, xa que lles permitirá elaborar un diagnóstico, coma para aquelas que xa teñan un percorrido en RSE, porque lles permitirá integrar os proxectos e os seus indicadores de seguimento. A ferramenta Xunta PRO-RSE está deseñada para calquera tamaño de empresa de calquera sector. Permitirá tamén que os proxectos e os indicadores introducidos se plasmen en memorias de sustentabilidade mediante catro opcións: o marco de indicadores establecido polo CERSE (Consello Estatal de Responsabilidade Social), o marco internacional do Global Reporting Initiative, o Global Compact da ONU, ou ben unha memoria elaborada conforme aos criterios da Xunta de Galicia. Esta ferramenta está dispoñible de forma gratuíta na web rse.xunta.es.

INICIATIVA RSE-PEME



É unha iniciativa que puxo en marcha a Rede Española do Pacto Mundial de Nacións Unidas e o Instituto de Crédito Oficial. Ser peme é o único requisito para formar parte desta iniciativa, que ten por obxecto ascender e achegar a

RSE SECTOR TÉXTIL

Na actualidade, existen multitude de iniciativas promovidas tanto polas administracións públicas coma por ONG e organizacións privadas que lles poden axudar ás empresas a introducirse no mundo da RSE

A ferramenta PRO-RSE Xunta está deseñada para calquera tamaño de empresa de calquera sector e estará dispoñible de forma gratuíta na web de RSE da Xunta de Galicia

02. PROXECTOS E INICIATIVAS ÚTILES: "FACENDO UN TRAXE Á MEDIDA"

responsabilidade social empresarial a todas elas. Unha vez concluído o ciclo do proxecto, as pemes participantes poderán continuar a súa andaina na RSE, a longo prazo, co apoio da Rede Española do Pacto Mundial. A participación non supón ningún desembolso económico para as pemes.

ISO 26000 GUÍA DE RESPONSABILIDADE SOCIAL



É unha norma que establece liñas de actuación, recomendacións e propostas en materia de responsabilidade social, pero non é unha norma certificable. Serve como folla de ruta na implantación ou na orientación de medidas de RSE. Está deseñada para empresas de calquera tamaño. A asociación internacional NORMAPME (creada en 1996 co apoio da Comisión Europea), editou a *Guía de aplicación para pyme de la norma ISO 26000* que pode ser de utilidade. Está dispoñible en castelán.

PROGRAMA DE ASISTENCIA PARA EL CUMPRIMENTO DA NORMATIVA AMBIENTAL PARA PEME (ECAP)



É unha iniciativa da Unión Europea cuxa finalidade é facilitarlle ás pemes que cumpran as súas obrigas e que melloren o seu rendemento ambiental. Pon a disposición das empresas información sobre posibles fontes de financiamento para adaptarse á normativa ambiental, mellores prácticas, noticias e seminarios. A web está dispoñible en castelán.

PORTAL ECOSMES



É un proxecto financiado pola Comisión Europea. Este portal web ofrece información, ferramentas e servizos para desenvolver e comercializar "produtos verdes". Recompila información por sectores e dispón dun punto específico para o sector téxtil. O portal web está dispoñible en castelán, aínda que non toda a información está traducida.

SEDEX



Sedex é unha organización británica sen ánimo de lucro cuxo obxectivo é posibilitar melloras nas prácticas comerciais responsables e éticas das cadeas de subministración de todo o mundo. Ofrece un modo simple e eficaz de xestionar prácticas éticas e responsables na cadea de subministración. A súa principal achega é unha base de datos que lles permite aos membros almacenar, compartir e xerar informes sobre catro áreas clave: normativas laborais, prevención de riscos laborais, o medio e a ética comercial. A web está dispoñible en castelán, malia que as ferramentas que ofrece son só para membros da organización. As tarifas están dispoñibles na mesma web.

FABRICS FOR FREEDOM



É unha fundación española sen ánimo de lucro promovida por un equipo multidisciplinar que puxo en común o seu compromiso para mellorar a produción

RSE SECTOR TÉXTEL



A ISO 26000 é unha norma que establece liñas de actuación, recomendacións e propostas en materia de responsabilidade social, pero non é unha norma certificable

A fundación Fabrics For Freedom facilita o acceso a materiais téxtiles que proveñan de proxectos sociais e pon en contacto as empresas cos promotores deses proxectos

no sector da moda. Facilita o acceso a materiais téxtiles que proveñan de proxectos sociais e pon en contacto as empresas cos promotores deses proxectos. Tamén asesora sobre a posta en marcha dunha liña "eco" para fabricantes e deseñadores.

PROXECTOS DE ACCIÓN SOCIAL RELACIONADOS CO SECTOR TÉXTIL



Para colaborar con proxectos de ONG ou de acción social, pódese consultar a páxina de [Cooperación galega](#). Este portal, que é un foro de encontro e espazo de divulgación da cooperación galega, púxo a en marcha a Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea da Xunta de Galicia. Cooperación Galega é a ferramenta a través da cal Galicia canaliza as súas accións a prol do desenvolvemento. Tamén se pode consultar a [Coordinadora galega de ONG](#), que agrupa organizacións galegas que traballan no ámbito da cooperación ao desenvolvemento, da acción humanitaria de emerxencia e da educación para o desenvolvemento. Para escoller un proxecto ou unha ONG recomendamos que se visite a páxina de [Fundación Lealtade](#), xa que, nela se pode acceder a información independente e obxectiva sobre as ONG que axude a decidir con cal colaborar e posibilita, ademais, facer un seguimento das doazóns. Esta información baséase nas análises de transparencia que a fundación lles realiza de forma gratuíta a aquelas ONG que voluntariamente o solicitan.

TEXTIL EXCHANGE



Organización internacional sen ánimo de lucro que traballa para acelerar as prácticas de sustentabilidade no sector téxtil. Este organismo promove, analiza e certifica os téxtiles orgánicos. Dispón dunha base de datos mundial de produtores orgánicos. A maioría da información está dispoñible só para membros da organización. A web está en inglés.

PORTAL SUSTAINABLE SUPPLY CHAINS



É un portal impulsado polo Pacto Mundial de Nacións Unidas, en colaboración con CSR Europe, que pretende facilitar o acceso a información e a ferramentas relevantes sobre as cadeas de subministración sustentables e que fomenta a posta en común de iniciativas e boas prácticas. A xestión da cadea de subministración enfócase dende o cumprimento dos dereitos humanos, aspectos laborais, ambientais e prevención da corrupción. Está dispoñible só en inglés.

PORTAL RESPONSIBLE SUPPLY CHAIN MANAGEMENT



Colección de materiais de libre acceso para axudar á aplicación de políticas de responsabilidade social corporativa na cadea de subministración. Inclúe casos prácticos, exemplos de listas de control e cuestionarios a provedores, entre outros documentos de interese. A web está en inglés.





03 QUEN É QUEN EN RSE?

TIRANDO DO FÍO

03. QUEN É QUEN EN RSE: “TIRANDO DO FÍO”

Neste punto indicaremos de xeito resumido algunha das principais institucións públicas e privadas que gardan relación coas iniciativas de RSE mencionadas ao longo da guía e que operan en Galicia, en España e no resto do mundo.

Centrarémonos en organizacións que lles poidan axudar ás pemes galegas na incorporación de criterios de RSE, a comunicar as súas boas prácticas ou a acceder a información útil sobre a responsabilidade social. Deste xeito, o presente módulo céntrase en coñecer as institucións que poidan servirles de utilidade ás empresas que se queiran iniciar na RSE.

PORTAL RSE DA XUNTA DE GALICIA

Mediante este portal web específico, a Xunta de Galicia realiza accións de difusión da RSE, pon a disposición do público publicacións de interese e recomendacións, atende a consultas na materia, etc. Pode servirilles de axuda ás pemes á hora de orientar os primeiros pasos na implantación a través das recomendacións da web ou das publicacións específicas. Este portal alberga o Observatorio de RSE que realiza diagnósticos semestrais sobre a RSE en Galicia que serven para coñecer o seu avance na Comunidade Autónoma galega. A través deste portal, pódese descargar a aplicación Xunta PRO-RSE.

CONSELLO ESTATAL DE RSE (CERSE)

O Consello Estatal de Responsabilidade Social das Empresas (CERSE) é un órgano adscrito ao Ministerio de Emprego e Seguridade Social que ten un carácter asesor e consultivo. Está encargado do impulso e do fomento das políticas de responsabilidade social das empresas e constitúese no marco de referencia para o desenvolvemento desta materia en España.

REDE ESPAÑOLA DO PACTO MUNDIAL

O Pacto Mundial é unha iniciativa internacional proposta pola ONU. O seu obxectivo é conseguir un compromiso voluntario das entidades por medio da implantación de dez principios baseados en dereitos humanos, laborais, ambientais e de loita contra a corrupción. Este compromiso realízase a través da incorporación á Rede Española do Pacto Mundial.

As empresas asinantes do Pacto Mundial dispoñen dunha ferramenta na web a través da cal poden elaborar un informe de progreso, equiparable a unha memoria de sustentabilidade.

OBSERVATORIO DE RESPONSABILIDADE SOCIAL CORPORATIVA (ESTATAL)

De carácter estatal, o observatorio é unha asociación integrada por diferentes organizacións representativas da sociedade civil, tales como ONG, organizacións de consumidores ou sindicatos. O seu obxectivo é constituírse como plataforma de discusión e de intercambio de información e ideas sobre a RSC. Tamén ofrece formación específica sobre a RSE.

RSE SECTOR TÉXTIL

O Observatorio de RSE realiza diagnósticos semestrais sobre a RSE en Galicia que serven para coñecer o seu avance na Comunidade Autónoma galega

As empresas asinantes do Pacto Mundial dispoñen dunha ferramenta na súa web a través da cal poden elaborar un informe de progreso, equiparable a unha memoria de sustentabilidade

A Fundación ÉTNOR dispón dunha extensa e completa base de datos sobre publicacións, artigos e investigacións en materia de RSE

03. QUEN É QUEN EN RSE: “TIRANDO DO FÍO”

RSE SECTOR TÉXTIL

A FUNDACIÓN ÉTNOR

A Fundación ÉTNOR para a ética dos negocios e das organizacións, con sede central en Valencia, promove o estudo, o desenvolvemento e a difusión da ética económica e empresarial, así como, o respecto dos comportamentos éticos e os valores morais na actividade empresarial e organizativa. A través da súa web, pódese acceder a unha extensa e completa base de datos sobre publicacións, artigos e investigacións en materia de RSE.

FORÉTICA

Forética é unha asociación española de empresas e profesionais da RSE que ten como misión fomentar a cultura da xestión ética e a responsabilidade social dotando as organizacións de coñecemento e ferramentas útiles para desenvolver con éxito un modelo de negocio competitivo e sustentable. Promove a norma certificable SGE21, de sistema de xestión responsable. Ofrécelles aos seus socios servizos de asesoramento en materia de RSE e publicacións e investigacións relacionadas. A través da súa páxina web pódese acceder a multitude de publicacións e información sobre eventos e actividades.

GLOBAL REPORTING INITIATIVE (GRI)

GRI é unha organización internacional, sen ánimo de lucro, con base en Amsterdam, que promove a sustentabilidade económica, ambiental e social. Ofrécelles a todas as empresas e organizacións un conxunto de ferramentas para elaborar informes de sustentabilidade completos. Pódese acceder ás guías para a elaboración das memorias, así como aos suplementos sectoriais a través da súa web. Non todos os documentos están en español, aínda que si a maioría.

CLUB DE EXCELENCIA EN SUSTENTABILIDADE

É unha asociación empresarial española composta por un grupo de grandes empresas que apostan polo crecemento sustentable dende o punto de vista económico, social e ambiental, coa intención de servir de foro de diálogo, plataforma de contraste e difusión de boas prácticas para o desenvolvemento sustentable.





04 **O CONTEXTO ACTUAL, CARACTERÍSTICAS CONXUNTURAIS**

—
ENFIANDO A AGULLA

04. O CONTEXTO ACTUAL, CARACTERÍSTICAS CONXUNTURAIAS: “ENFIANDO A AGULLA”

RSE SECTOR TÉXTIL

Neste capítulo queremos dar a coñecer as características conxunturais e sectoriais que condicionan a RSE dunha peme galega do sector téxtil.

Para coñecer como pode a RSE axudar as pemes galegas a fortalecer a súa posición competitiva debemos coñecer o contexto no que estas desenvolven a súa actividade, as tendencias de consumo e identificar as características do sector que poden orientar as accións de RSE. Non tratamos de facer unha análise en profundidade do sector, xa que, non é o obxecto desta guía, senón sinalar, de xeito resumido, as características que condicionan o enfoque que unha empresa téxtil pode darlle á súa RSE. Como adiantábamos no capítulo de preguntas e repostas, un dos obxectivos da guía é “achandar o terreo” para que, dentro das múltiples posibilidades que brinda a RSE para actuar, as pemes galegas do sector téxtil atopen neste documento as idóneas, tendo en conta o contexto e as características propias do sector. Cada actividade ten asociados uns riscos específicos e a RSE axudará a neutralizalos ou a minimizalos.

Se analizamos o mercado nacional e a súa evolución, segundo os datos dispoñibles no primeiro trimestre de 2012, as tendencias do sector en España resúmense en:

- A caída da demanda no último trimestre de 2011 freouse lixeiramente grazas á achega positiva dos mercados exteriores.
- O mercado da UE medra só o 7 %, aínda que representa o 65 % do total das exportacións españolas.
- O mercado español está actualmente en niveis recesivos, o que debilita a demanda interna.

Ademais, se atendemos a análise dos datos estatísticos do CITYC¹ que fai o Consello Intertéxtil Español² “as perspectivas para o resto do ano 2012 van ligadas aos mercados exteriores, xa que non é posible prever unha recuperación do mercado español a curto prazo e son as exportacións o único factor que pode axudar ás empresas nesta situación. A demanda téxtil mundial pode manterse grazas ao crecemento económico dos países emerxentes, mentres que a zona euro pode verse afectada pola lenta e desigual recuperación da economía dos países membros”.

Sobre as exportacións galegas de pezas téxtiles de vestir, estas aumentaron un 8,95 % en 2011 fronte a 2010³, malia que o propio informe da Confederación de Industrias Téxtiles de Galicia (Cointega) sobre a conxuntura das exportacións téxtiles matiza que “para unha correcta visión da realidade das exportacións galegas, convén desagregar no ámbito provincial o dato (aumento das exportacións nun 8,95 %) (...) A principal conclusión é que o volume de vendas no exterior o xeran empresas que se implantaron comercialmente no exterior, ben a través de tendas propias ou de franquías, en contraste coas que seguen o modelo de exportación tradicional”, en clara referencia ao Grupo Inditex, Adolfo Domínguez e Sociedade Téxtil Lonia, os tres grandes grupos galegos.

O sector en Galicia, que se caracteriza por estar fortemente fragmentado, viu-se afectado pola crise, xa que, o número de empregos e o volume de negocio

Para coñecer como pode a RSE axudar as pemes galegas a fortalecer a súa posición competitiva debemos coñecer o contexto no que estas desenvolven a súa actividade, as tendencias de consumo e identificar as características do sector que poden orientar as accións de RSE

Cada actividade ten asociados uns riscos específicos e a RSE axudará a neutralizalos ou a minimizalos



1. Centro de Información Téxtil e da Confección (CITYC). É un organismo sen ánimo de lucro que, coa colaboración do Ministerio de Industria, ten como obxectivo proporcionarlle ás empresas a información necesaria para a toma das súas decisións estratéxicas.

2. Consello Intertéxtil Español (CIE). É a organización empresarial que reúne todos os sectores da cadea téxtil, dende a fabricación de fibras químicas á confección. O Consello Intertéxtil Español representa a industria nas organizacións profesionais nacionais e internacionais (Euratex).

3. Informe de conxuntura sobre a evolución das exportacións téxtiles galegas, de marzo de 2012 de Cointega.

04. O CONTEXTO ACTUAL, CARACTERÍSTICAS CONXUNTURAS: “ENFIANDO A AGULLA”

RSE SECTOR TÉXTIL

diminuíu nos últimos 5 anos⁴. Esta diminución dos empregos creados ten que ver coas tendencias nacionais do sector e coa crescente deslocalización das producións.

En relación coas tendencias de consumo debemos reparar nos comportamentos do consumidor relacionados co consumo responsable e en que se traduce este comportamento. Segundo o Informe Forética 2011⁵ a discriminación negativa convértese na principal manifestación de consumo responsable. Un 45 % da cidadanía reconece que deixou de comprar algún produto ou servizo por considerar que a empresa fabricante ou distribuidora realiza prácticas pouco responsables. Isto supón un avance importante con respecto a 2008, que se situaba no 37 %. As principais familias de produto suxeitas a este tipo de prácticas de discriminación negativa son aquelas de maior frecuencia de compra ou uso e de carácter cotián, entre elas a familia de produtos téxtiles. En canto aos principais motivos que levan a que o consumidor deixe de comprar atopamos a explotación infantil, un mal servizo ao cliente, o dano ao medio ou a falta de calidade do produto.

Outro estudo do Club de Excelencia en Sustentabilidade⁶ reforza esta idea e recolle que aos consumidores lles importa a procedencia dos produtos: un de cada cinco considera que, canto máis lonxe estea a orixe deste, peor para o medio e o 26 %, cando compra, procura que a roupa e os complementos sexan producidos en países que respecten os dereitos humanos.

Unha vez repasado o contexto económico e algunhas características do consumo, pasemos a resumir as **características que identifican o sector téxtil** e que o diferencian dos outros en relación coas dimensións da RSE.

- A parte da actividade relacionada co tinguido de tecidos é altamente contaminante e os procesos de deslocalización das producións levan a desprazar tamén este problema a zonas con lexislacións máis laxas en materia ambiental.
- É unha actividade intensiva en man de obra, o que implica que se lle deba poñer especial atención ao trato á persoa traballadora, tanto nas producións locais coma na orixe, en caso de estar deslocalizada.
- Os fenómenos conxugados de aumento das exportacións (derivados da diminución da demanda interna), a deslocalización de producións e a importación de materias primas de países máis baratos sitúan a empresa galega nunha posición vulnerable ante incidentes na cadea de subministración.

Tendo en conta todos estes puntos –contexto económico, tendencias do mercado e do consumo e características propias do sector en Galicia en materia de RSE–, podemos empezar a afondar nas ferramentas específicas que a RSE lles outorga ás empresas para mellorar na súa competitividade. Insistimos en que, dentro da RSE, hai máis ferramentas, iniciativas e posibilidades de actuación, pero recollemos no capítulo “Instrumentos da RSE para o sector téxtil: “Agulla e fío” as que son máis útiles para as pemes galegas do sector téxtil.

Un 45 % da cidadanía reconece que deixou de comprar algún produto ou servizo por considerar que a empresa fabricante ou distribuidora realiza prácticas pouco responsables

O sector téxtil implica unha actividade intensiva tanto nas producións locais coma en orixe, en caso de estar deslocalizada



4. Fonte Instituto Galego de Estadística.

5. Informe Forética 2011.

6. Estudo CONSUMO RESPONSABLE E DESENVOLVEMENTO SUSTENTABLE 2012 (TENDENCIAS DE CONSUMO RESPONSABLE) editado polo Club de Excelencia en Sustentabilidade



05 INICIATIVAS GALEGAS EN RSE

PARA MOSTRA UN BOTÓN

05. INICIATIVAS GALEGAS EN RSE: “PARA MOSTRA UN BOTÓN”

Neste capítulo, queremos dar a coñecer as iniciativas que se impulsaron dende Galicia e que dan boa conta da notoriedade que está a adquirir a RSE na nosa comunidade, na sociedade e no tecido empresarial galego. Detállanse a continuación diversas iniciativas que se desenvolveron en Galicia, algunhas públicas e outras privadas, e que están a impulsar a difusión e a implantación da RSE, co que se facilita a súa incorporación ás empresas galegas, e das que, evidentemente, se pode aproveitar o sector téxtil.

GRUPO DE REPRESENTACIÓN EMPRESARIAL EN MATERIA DE RSE

En xullo de 2012 constituíuse un grupo de 13 grandes empresas galegas co fin de impulsar un “novo modelo de negocio máis ético, máis transparente e máis sensibilizado co contorno”. Entre outros obxectivos, este grupo encargárase de tutelar as pemes galegas para axudalas a avanzar neste campo. Trátase dunha iniciativa pioneira, tanto en Galicia coma no Estado, xa que é a primeira vez que se inclúen medidas como a tutela das grandes empresas ás pemes e, derivado desa tutela, o desenvolvemento de axendas de traballo comúns adaptadas ás realidades das pequenas e medianas empresas. Entre as 13 empresas grandes que están a tutelar as pemes inclúense empresas do sector téxtil, como é o caso de Inditex.

REDE TRANSREXIONAL DE IMPULSO DA RSE

A Xunta de Galicia, a través da Consellería de Traballo e Benestar, impulsou este 2012 unha rede transrexional que dará lugar a un novo modelo de iniciativas de promoción da RSE no tecido empresarial. Na Rede Transrexional de Impulso da RSE, xunto coa Xunta de Galicia, participan como socios o Goberno de Navarra, o Cabido Insular de Tenerife e Uniminho/Associação do Vale do Minho Transfronteiriço. Entre as actividades do proxecto destacan as seguintes:

- Accións formativas en liña dirixidas a persoas que exercen como xerentes ou directivas de empresas.
- Organización de reunións de traballo con empresas para identificar as mellores na promoción da RSE.
- Creación dun banco de experiencias prácticas en RSE.

Máis de 200 empresas beneficiaranse das actividades desta iniciativa que se desenvolverán nas catro rexións adheridas á rede (Galicia, Navarra, Tenerife e Val do Minho, no norte de Portugal).

CÁTEDRA INDITEX

A Cátedra Inditex de responsabilidade social da UDC créase coa misión de promover, dende a Universidade da Coruña, un espazo de reflexión comunitaria, formación académica e investigación aplicada sobre a responsabilidade social das administracións e organismos públicos, das empresas e das entidades non lucrativas. A misión da Cátedra Inditex de responsabilidade social da UDC proxéctase en tres ámbitos de actividade diferenciados, en cuxo marco se desenvolverán proxectos específicos de formación, de investigación e transferencia e de divulgación.

RSE SECTOR TÉXTEL

Constituíuse, en xullo de 2012, un grupo de 13 grandes empresas galegas para impulsar un “novo modelo de negocio máis ético, máis transparente e máis sensibilizado co contorno”

A Xunta de Galicia impulsou unha rede transrexional que dará lugar a un novo modelo de iniciativas de promoción da RSE



FEAG EMPREGATEX

Malia que esta iniciativa xa está pechada, parécenos importante destacala como parte das actividades que se viñeron realizando recentemente en Galicia, polo seu impacto sobre o sector téxtil e porque pode valer de experiencia para outros supostos similares. Ante o alto número de despedimentos en 2009 no sector téxtil, a Xunta de Galicia solicitou unha axuda do Fondo Europeo de Adaptación á Globalización (FEAG) e, en colaboración con outras entidades, puxo en marcha programas dirixidos ás persoas desempregadas do sector téxtil. Estes programas estaban destinados ou ben a reinserir as persoas no mesmo sector desenvolvendo novas habilidades ou á súa reinserción noutros sectores, ou ben apoiando a creación, por parte destas persoas desempregadas, das súas propias empresas. Estes programas permitiron a orientación laboral de máis de 500 persoas e a reinserción de 200.



06 A MEMORIA DE SUSTENTABILIDADE

UN BO ESCAPARATE AXUDA A VENDER

A memoria de sustentabilidade (tamén coñecida como memoria de RSE ou tripla conta de resultados) é un documento público para que a empresa lles dea a coñecer aos seus grupos de interese e ao público en xeral os seus valores, as accións que desenvolve en materia de RSE e os seus obxectivos de mellora. A memoria é unha evidencia do compromiso da organización e dos seus membros cun desenvolvemento sustentable e ofrece resultados de desempeño na xestión económica, social e ambiental desta.

A memoria é unha evidencia do compromiso da organización e dos seus membros cun desenvolvemento sustentable e ofrece resultados de desempeño na xestión económica, social e ambiental desta

CARACTERÍSTICAS DA MEMORIA

1. Unha das premisas que debe rexer a comunicación da RSE é que non se pode comunicar algo que non se fai pero, se se fai, é mellor comunicalo. Hai unha relación directa entre RSE e reputación. Segundo o Informe RepTrak de reputación corporativa 2011 do Reputation Institute, os tres valores máis importantes para definir a reputación dunha marca para os consumidores son: 1. Os bens e servizos, 2. A integridade, 3. O liderado. Se se compara a evolución dende 2007, antes da crise actual, medrou en importancia “a integridade”, o que implica ética na xestión do negocio. Segundo este informe, o 40 % da reputación depende de dimensións relativas á RSE. Faise, polo tanto, moi importante, non só consolidar comportamentos responsables, senón tamén comunicalo axeitadamente e, se é posible, que estes comportamentos vaian avalados por colectivos ou organizacións independentes.

2. Outra das características imprescindibles da memoria debe ser a transparencia, xa que é o principal pilar da súa credibilidade. A transparencia achégalle equilibrio ao informe, implica incluír tanto información positiva coma negativa e honestidade sobre os obxectivos marcados e o seu cumprimento. Hai que ser moi consciente de que a memoria a van ler os grupos de interese e, por iso, son coñecedores en maior ou menor medida dese desempeño. O equipo, a clientela, os provedores ou as persoas que realizan investigación detectarán doadamente resultados maquillados, compromisos esaxerados ou erros omitidos. Todo isto non significa que se deba incluír na memoria información que prexudique a imaxe da organización ou que entre en conflito coa estratexia da empresa, máis ben ao contrario, debe axudar a transmitir os compromisos da organización coa sociedade, como se materializan eses compromisos, que recursos se puxeron a disposición, cales eran os resultados buscados e os obtidos e o porqué das diferenzas, se as hai.

PASOS PARA ELABORAR UNHA MEMORIA DE SUSTENTABILIDADE

• **Definir qué queremos contar na memoria.** Unha memoria de sustentabilidade debe achegar información sobre os compromisos da empresa coa sociedade e sobre o seu desempeño nos ámbitos económico, social e ambiental. Isto quere dicir que é o xeito de lles contar ás persoas traballadoras e ás súas familias, aos nosos provedores, aos nosos clientes e aos demais grupos de interese o que facemos e como o facemos. É a ferramenta para que eses grupos de interese saiban como tratamos o noso equipo (medidas de conciliación, beneficios sociais...) e como facemos as cousas (produtos que dispoñen de eco-etiquetaxes, premios ou recoñecementos recibidos, filosofía da empresa, etc.)

• Tamén é a canle para lle comunicar a achega da organización á sociedade: doazóns, participación na comunidade, etc. **Deberán seleccionar os indicadores axeitados para incidir sobre eses puntos**, é dicir, se quero comunicar que a miña empresa se esforza por reducir o seu impacto ambiental teremos que decidir primeiro como o medimos: volume de residuos, consumo de material auxiliar, tipo de tinguiduras?

Se no punto anterior dicíamos que é importante decidir “que imos contar”, agora trátase de elixir os indicadores máis axeitados para reflectir iso que queremos comunicar.

• **Comprobar que se dispón de información para os devanditos indicadores.** Isto pode levar a que non se poida incluír información relevante o primeiro ano da memoria, pero si os seguintes. Pode pasar que non esteamos a medir dende hai anos o volume de residuos, aínda que este ano empezamos a reduci-lo. Non poderemos entón falar na primeira memoria da evolución deste indicador, pero si do punto de partida.

• **Poñer a memoria a disposición dos grupos de interese.** A organización pode decidir a súa periodicidade de revisión ou a forma de llela comunicar aos seus grupos de interese. Se facemos unha memoria podemos poñela na web, ou imprimila e entregala... En calquera caso, é importante facerllela chegar ás persoas que queremos que saiban como traballa a nosa organización e cal é o seu impacto: clientes, provedores, familias de traballadores e traballadoras etc.

Neste sentido, recomendamos tamén consultar a publicación *As 30 regras de ouro da RSE para pemes*, de Forética, que no seu capítulo 2 sinala as 10 regras básicas para a elaboración da memoria de sustentabilidade.

Exemplos de indicadores de desempeño

Indicadores de desempeño económico

• Valor económico xerado pola entidade: sería o resultado total da suma de gastos de persoal + compras + doazóns á comunidade + impostos pagados + reservas e dotacións

Na memoria, pode aparecer só a suma total e desagregada por partidas.

Indicadores de desempeño ambiental

- Consumo anual de electricidade: pódese indicar o consumo eléctrico en Kw/h
- Consumo anual de auga
- Indicar se se utilizaron materiais de orixe reciclada
- Volume de verteduras
- Indicar se se fai reciclaxe de residuos
- Indicar se se obtivo algunha certificación ambiental

Indicadores de desempeño social

- Número de empregadas mulleres sobre o total, separado xerarquicamente (en postos directivos, etc.)
- Número de persoas no equipo con discapacidade
- Persoas no equipo provenientes de sectores en risco de exclusión (>45 anos anteriormente desempregados, minorías, proxenitores monoparentais...)

06. A MEMORIA DE SUSTENTABILIDADE: “UN BO ESCAPARATE AXUDA A VENDER”

RSE SECTOR TÉXTIL

- Gasto estimado en accións de formación durante o ano
- Doazóns e outras achegas á comunidade (en diñeiro, en materiais...)

Para obter máis información sobre como se han comunicar as accións de RSE, como se deben identificar e como se han seleccionar os indicadores máis axeitados, pódese consultar e utilizar a [ferramenta da Xunta: Xunta PRO-RSE, específica para pemes](#).



07 RECOMENDACIÓNS E FERRAMENTAS PARA O SECTOR TÉXTIL-CONFECCIÓN

—
AGULLA E FÍO

07. RECOMENDACIÓNS E FERRAMENTAS PARA O SECTOR TÉXTIL-CONFECCIÓN: “AGULLA E FÍO”

RECOMENDACIÓNS

As características de cada sector condicionan as accións de RSE máis axeitadas.

Para poder centrar esta guía nas empresas do sector téxtil, as recomendacións e as ferramentas de RSE que se mencionarán máis adiante enténdense de acordo coas seguintes características:

- A produción percíbese como altamente contaminante, sobre todo a relacionada con tinguiduras.
- Os recentes tratados de libre comercio prexudican as poboacións locais de terceiros países e xeran, polo tanto, maior activismo en defensa das poboacións.
- As producións están a ser deslocalizadas e levadas a lugares con maior risco de corrupción e de incumprimento dos dereitos das persoas traballadoras.
- A produción é intensiva en man de obra.
- Vai en aumento a importancia da exportación para a supervivencia do sector a países onde a RSE é un criterio de compra.
- O sector xa sufriu crises reputacionais relacionadas coas condicións laborais nos países de orixe dos produtos ou por comportamentos non respectuosos co medio.
- Trátase dun sector moi atomizado en Galicia; agás as grandes empresas, o resto son moi pequenas.
- Os produtos téxtiles son vulnerables ao boicot por parte do consumidor final, derivado dun comportamento irresponsable das empresas.

Por todo iso, a RSE do sector téxtil debe incidir principalmente en formalizar un comportamento responsable, sempre e cando este sexa unha realidade. A existencia de multitude de normas, selos, etiquetas e sistemas de xestión fai difícil establecer unha clasificación sinxela, polo que se mencionarán ao longo deste capítulo, segundo conveñan na súa utilización.

Ao final deste mesmo capítulo, o lector atopará unha explicación máis detallada de cada unha das normas, selos e demais iniciativas nunha [táboa resumo](#).

RSE SECTOR TÉXTIL

A RSE do sector téxtil debe incidir principalmente en formalizar un comportamento responsable, sempre e cando este sexa unha realidade



07. RECOMENDACIÓNS E FERRAMENTAS PARA O SECTOR TÉXTIL-CONFECCIÓN: “AGULLA E FÍO”

Se se teñen en conta as características do sector, dividimos as accións en 3 grupos:

- Recomendacións para a xestión de provedores e a cadea de subministración: RSE na cadea de subministración.
- Recomendacións para a xestión dos grupos de interese internos: equipo propio ou alleo: RSE interna.
- Recomendacións para a xestión relacionada co produto e cos clientes: RSE do produto.

Para poder implantar algunha destas recomendacións, existen ferramentas que facilitan o proceso, xa sexan normas certificables, selos ou guías de implantación. Estas ferramentas asociadas están explicadas no seguinte capítulo.

RSE na cadea de subministración: sermos responsable do que compramos (compras responsables)

Neste punto incluímos as actividades de compra de materias primas, de produto ou a contratación de servizos a terceiros e é extensible á externalización da produción.

Todas as empresas realizan compras e non todas as compras teñen os mesmos riscos. Debemos recordar dúas das premisas da RSE: que é voluntaria e que vai máis alá da lexislación. Para elixir a que tipo de iniciativa acollerse ou que acción desenvolver, a empresa deberá analizar os seguintes puntos:

- A capacidade de influír sobre o comportamento dos provedores
- Riscos asociados aos países de onde proveñen as compras (ambientais, de corrupción ou índice de desenvolvemento humano).

Tal e como se explicaba ao principio da guía, o que debe primar é un comportamento ético e responsable, máis alá do documento que o sustente. Por iso, para empezar coas recomendacións, imos destacar accións sinxelas que non requiren de investimentos nin, na maioría dos casos, de elaboración de documentos. Para incorporar a RSE na cadea de subministración, sobre todo en compras en terceiros países en vías de desenvolvemento –aínda que non exclusivamente neses casos–, **recoméndanse as seguintes actuacións actuacións¹:**

R1  • É importante saber a quen se lle están comprando os materiais, as teas, as tinguiduras. Que sexan provedores autorizados no seu país, dependendo de cal sexa pode non ser unha garantía para a organización. Para iso, pódese optar por:

- Elaborar un código de conduta, un código de compras ou un código de provedores, no que se ha de establecer que condicións ten que cumprir o provedor, ademais de prazos de entrega ou niveis de calidade.

RSE SECTOR TÉXTIL

Todas as empresas realizan compras e non todas as compras teñen os mesmos riscos



1. Kreisler, I. (2005) Cara a unha deslocalización téxtil responsable. Laboratorio de alternativas. Documento de traballo 78/2005. Fundación Alternativas.

Exemplo: podo solicitar que os meus provedores me informen de se cumpren as recomendacións da OIT sobre traballo infantil ou forzoso, se se trata dun país con sospeita de que estes puntos se poden incumprir; igualmente, podo pedir que os materiais cumpran con algunha certificación concreta.

Estes puntos e calquera outro pódense plasmar nun documento no que recolleríamos os mínimos que ten que cumprir un provedor para poder traballar connosco.

- Acolleuse a códigos de conduta xa existentes. No subpunto “Ferramentas” deste mesmo capítulo, detállanse algúns dos códigos de conduta sectoriais que existen na actualidade. Trátase de códigos xa redactados que inclúen as condicións mínimas que lles debemos esixir aos provedores e adoitan incluír tamén recomendacións para poder poñelas en práctica.

- Esixirlles certificacións aos provedores en materia de RSE ou dalgunha das súas dimensións: trato coas persoas traballadoras, comportamento ambiental... As certificacións máis estendidas e recoñecidas internacionalmente están recollidas no subpunto “Ferramentas”.

Estas tres opcións non son excluíntes e pódese avanzar nelas simultaneamente.

R2  • Cando teñamos unha situación dominante cun provedor, que dependa en boa medida de nós como clientes, non debemos abusar desa posición e é aconsellable axustar os pedidos á súa capacidade de produción. Isto tamén é, sen dúbida, fomentar e practicar compras responsables. É importante o diálogo con eses provedores para saber se os “estamos a forzar”, xa que iso pode repercutir nunha caída da calidade, ou mesmo en que se subcontraten producións, co que perdemos o control do que estamos mercando.

R3  • Se temos persoal na organización que se encarga da selección dos provedores e de realizar as compras noutros países é aconsellable establecer un sistema de incentivos para que inclúan a consideración de criterios éticos nesas compras. O ideal é facelo dende un punto de vista positivo: por cada novo provedor cunha certificación determinada neste ámbito, ou que demostre un comportamento responsable por enriba dos do seu ámbito, podemos premiar esa persoa. Trátase de detectar e de aumentar os provedores que traballen compartindo estes puntos de vista e poñéndoos en práctica.

R4  • Cultivar unha relación sólida cos provedores a través dunha comunicación directa, continua e fluída. Dentro do que mencionamos ao longo da guía, o “diálogo” cos grupos de interese, inclúese falar cos provedores de xeito fluído, para coñecer os seus problemas ou as súas inquietudes e así poder anticiparnos aos problemas.

07. RECOMENDACIÓNS E FERRAMENTAS PARA O SECTOR TÉXTIL-CONFECCIÓN: “AGULLA E FÍO”

RSE SECTOR TÉXTIL

Exemplo: se un proveedor está a ter problemas de cobramentos alleos a nós que fagan que non lles poida pagar aos seus traballadores e traballadoras, é probable que vaian á folga e que os nosos pedidos se vexan prexudicados. Do mesmo xeito, se sabemos que teñen unha época de pouco traballo, podemos aproveitala para adiantar pedidos. Son exemplos de como unha comunicación transparente e fluída cos nosos provedores pode axudar á nosa xestión.

R5  • É máis eficiente “poñerlles as cousas doadas” aos nosos provedores para o mellor funcionamento da nosa organización. Se dispoñemos dunha ferramenta informática, por exemplo, que lles pode facilitar a eles a xestión dos nosos pedidos podemos poñela á súa disposición. Mesmo podemos desenvolver con eles o sistema máis axeitado. Isto terá efectos moi positivos na nosa organización e na relación cliente-proveedor.

R6  • Abrir vías de negociación de prezos sustentables cos provedores, en función das necesidades de desenvolvemento da zona na que estamos a comprar. Esta recomendación está moi relacionada con non abusar do poder de negociación que temos como clientes. Se estamos a comprar nun país que está a medrar, con prezos máis baixos cós locais, temos que saber ata onde podemos apertar e non levar a empresa provedora a aceptar condicións abusivas. Debemos comprar de xeito responsable. Isto inclúe respectar o prezo e os prazos de pagamento acordados na orde de pedido.

RSE interna: ser responsable cos nosos traballadores e coas nosas traballadoras

Enténdese por RSE interna aquela que afecta a xestión das persoas da organización. É algo que vai máis alá dos recursos humanos, xa que o impacto da actividade sobre a vida dos nosos empregados e empregadas forma parte da dimensión social da responsabilidade de empresa.

Do mesmo xeito que coas compras, é importante para a empresa reflexionar sobre a situación de partida antes de iniciar calquera acción en materia de RSE.

A seguir, enumeramos unha serie de accións que nos poden axudar a mellorar o comportamento da empresa en materia de RSE interna:

R1  • Plans de igualdade de oportunidades e de conciliación. Na [páxina de igualdade da Xunta de Galicia](#), hai guías para elaborar plans de igualdade dentro das empresas.

R2  • Se queremos, como organización, axudar á integración de persoas en risco de exclusión, podemos elaborar plans de formación para incorporar estas persoas no mercado laboral. Podemos dar formación ou integrar unha porcentaxe deste colectivo no equipo.

R3  • Un xeito de aumentar o impacto da nosa organización na sociedade é promover o voluntariado corporativo. En lugar de doar diñeiro a ONG podemos, de xeito coordinado, favorecer que o equipo colabore con algún proxecto local, por exemplo, cedendo horas laborais.

07. RECOMENDACIÓNS E FERRAMENTAS PARA O SECTOR TÉXTIL-CONFECCIÓN: “AGULLA E FÍO”

RSE SECTOR TÉXTIL

R4  • Dentro do que mencionamos xa en diversas ocasións –diálogo con grupos de interese–, non pode faltar o diálogo coas persoas que integran a empresa. Colaborar co equipo no deseño dun diálogo fluído, de maneira que se poidan incorporar as súas expectativas á xestión, é moi beneficioso para a organización e para o seu persoal. Non só se trata de preguntar que lles gusta e que non da empresa, das condicións do posto de traballo ou de medir o clima laboral, senón que temos que lles dar resposta ás súas suxestións.

Por exemplo, podemos poñer unha caixa de correo de suxestións ou facer unha enquisa anual anónima. En calquera caso, a clave é dar sempre unha resposta e non deixar “morrer” as iniciativas. Poden ser medidas tan sinxelas como publicar no taboleiro de anuncios as suxestións recibidas e apuntar cales se van realizar e cales non, e por que.

R5  • Se queremos previr comportamentos non desexables, como o acoso ás persoas traballadoras, podemos elaborar un código de conduta interno. O código de conduta interno é un documento no que recolleemos o comportamento esperado entre as persoas da empresa cos clientes ou mesmo cos provedores.

Na páxina web de RSE da Xunta de Galicia, hai múltiples recomendacións neste sentido.

RSE do produto: ser responsable do que vendemos

A organización pode levar a cabo accións non só en relación coas vendas dos seus produtos aos clientes, senón en relación a como chegan eses produtos ao consumidor final.

En función das características do sector, recomendamos as seguintes accións para gozar dunhas vendas responsables:

R1  • Promover a reutilización e a reciclaxe das pezas: tanto entre os clientes coma coa poboación en xeral.

R2  • Comunicar con transparencia información sobre o lugar de elaboración das pezas, xa que, existe moita sensibilidade por parte da poboación neste sentido. Se a peza se elaborou integramente en Galicia, pode ser un elemento diferenciador para o público. Se non, é bo transmitir transparencia sobre a súa orixe.

R3  • Colaborar con outras empresas pola supervivencia do sector, participando en foros e en iniciativas sectoriais.

R4  • En relación coa moda e coa publicidade, promover unha imaxe saudable, sobre todo cando a publicidade está destinada a xente nova.

R5  • Igual que indicabamos no punto anterior, se queremos previr comportamentos non desexables, como que os nosos vendedores lles dean información incerta ou incompleta a clientes, podemos elaborar un código de boas prácticas comerciais. Neste documento, recolleríamos “como se deben comportar, no relacionado coa venda, os nosos vendedores ou vendedoras”.

Por exemplo, podemos incluír cláusulas como especificar que a información que dan debe ser precisa, equilibrada, honesta e obxectiva.

A aspiración do código de provedores debe ser a de colaborar con eles e a de apoialos na mellora do comportamento cos seus traballadores e traballadoras, ou en materia ambiental, entre outros asuntos

FERRAMIENTAS

COMO ELABORAR UN CÓDIGO DE CONDUTA, UN CÓDIGO DE COMPRAS OU UN CÓDIGO DE PROVEDORES

A ferramenta máis estendida para realizar o que denominamos “compras responsables” é un código de provedores que ha recoller o comportamento que se espera e que se esixe deles, segundo os valores da nosa compañía, pero en ningún caso responsabiliza a empresa do comportamento dos seus provedores ou subcontratistas. A aspiración do código de provedores debe ser a de colaborar con eles e a de apoialos na mellora do comportamento cos seus traballadores e traballadoras, ou en materia ambiental, entre outros asuntos.

Xeralmente, cando as compras se realizan nun país en vías de desenvolvemento, estes códigos refírense ao cumprimento dos requirimentos da OIT (Organización Internacional do Traballo) nos centros de traballo. O obxectivo dun código de provedores non ten porque ser a extensión das condicións laborais do país de orixe, senón a aplicación de normas supranacionais e dos estándares dos países anfitrións e a súa mellora paulatina. Se falamos, en cambio, de países onde os principios da OIT están garantidos por lei, poderanse incluír requisitos que melloren a calidade ou a seguridade e a hixiene no traballo.

Nos códigos referidos ao comportamento ambiental, os requisitos que se van incluír dependerán tamén do “punto de partida” do provedor. Trátase de establecer os mínimos cos que se debe traballar.

Para elaborar un primeiro código de compras hai ferramentas dispoñibles; por exemplo, [“a campaña Roupa Limpa”](#) propón unha guía sobre como elaborar un código de conduta. Nesta guía hai directrices sobre o que as empresas poden facer para mellorar a avaliación, a implementación e a verificación do cumprimento dos estándares laborais nas súas cadeas de subministración, así como para eliminar os abusos onde e cando se produzan.

Elaborar o código en si non é suficiente para garantir que as compras se realicen baixo certas condicións. As ditas condicións débenselles comunicar de xeito adecuado aos provedores e hai que asegurarse de que as entenden; por outra parte, convén establecer que criterios son excluíntes e cales non, hai que establecer prazos para que os provedores se adapten e tamén hai que definir se se dedican recursos ou non a lles axudar a eses provedores. E, en última instancia, pódense auditar eses provedores no cumprimento do código.

ACOLLERSE A CÓDIGOS DE CONDUTA XA EXISTENTES

Para empezar a traballar con criterios de compra responsables, non é necesario elaborar un código destas características a título individual, xa que, existen iniciativas nacionais e internacionais ás que se acoller e que poden servir de guía. Algúns dos códigos pertencen a organismos que verifican, ademais, o seu cumprimento e, aínda que non se queira optar á verificación, son útiles para ter unha orientación. Algunhas suxestións:

- A FSE: THC (Federación Sindical Europea do Têxtil, da Confección e do Coiro) e Cotance (Confederación de Asociacións Nacionais de Curtidores da Unión Europea) asinaron, en xullo de 2000, [código de conduta](#) coas patronais europeas do têxtil-confección e do curtido.

- Prácticas do código laboral da Fair Wear Foundation, que comproba que se cumpran e se respecten nas fábricas.
- Ethical Trading Initiative pon á disposición do público unhas recomendacións básicas para o comercio ético, dispoñibles en varios idiomas.
- A Fair Labor Association outórgalles unha acreditación ás marcas de rango mundial que demostran, nun período de 2-3 anos, que os seus programas de cumprimento social e prácticas laborais para os seus provedores en todo o mundo foron implementadas con éxito e que cumpren cos requirimentos do código de conduta da Fair Labor Association.
- O Consorcio dos Dereitos do Traballador (en inglés, The Worker Rights Consortium, ou WRC) é unha organización independente que investiga sobre as condicións laborais en diferentes fábricas en todas as partes do mundo.
- WRAP é unha organización independente sen ánimo de lucro dedicada á certificación das condicións de traballo legais, humanas e éticas en todo o mundo. Certifica fábricas en función de 12 principios.
- Está ademais en fase de revisión o novo código ético para o sector téxtil do Pacto Global das Nacións Unidas e da Nordic Initiative Clean and Ethical (NICE) que se presentou o 3 de maio de 2012 en Copenhague, durante un cumio mundial sobre a sustentabilidade da moda. Espérase que o código de conduta estea revisado e aprobado, coa colaboración de institucións e organizacións involucradas na industria da moda, a finais do 2012.

ESIXIRLLES CERTIFICACIÓNS AOS PROVEDORES

Existe a posibilidade de adoptar estándares internacionais como criterios esixibles e excluíntes para que os cumpran os provedores; é dicir, normas certificables tanto en materia ambiental coma de relación coas persoas traballadoras ou sistemas de xestión socialmente responsables certificados. Pero antes de tomar este tipo de medidas é importante volver á reflexión inicial e recordar que o obxectivo debe ser establecer, e axudarlles a outros a establecer, comportamentos responsables. En función do país onde compremos, esixir estándares internacionais pode deixar fóra do mercado provedores que, malia non teren esa certificación, xeran un impacto positivo na súa zona, crean emprego de calidade ou reinvesten parte dos beneficios en mellorar a calidade de vida da comunidade. Neste sentido, a selección de provedores pódese facer con criterios incluíntes, en lugar de excluíntes; é dicir, buscar provedores que participen en proxectos sociais, que teñan boa reputación no seu lugar de orixe, que incidan no seu impacto social, etc.

As ONG que operan nesas zonas poden ser unha boa fonte de información, xa que, poden avalar o comportamento da devandita empresa ao ser coñecedoras non só da súa actividade, senón tamén do contexto no que a desenvolven.

En calquera caso, as normas certificables máis estendidas en materia de RSE son:

- SGE 21:2008 de Forética
- SOCIAL ACCOUNTABILITY SA:8000

E, por outro lado, as certificacións específicas do sector téxtil-confección máis estendidas son:

- [Certificación GOTS](#)
- [Made in Green](#)
- Etiqueta Ecológica Comunitaria
- [Etiqueta Oeko-tex](#)
- [Estándar Organic Exchange \(OE\)](#)

Ademais destas normas, pódense seleccionar os provedores polo cumprimento dos códigos de conduta que sexan verificables e/ou certificables por organismos independentes e que se incluían no punto anterior. É dicir, podemos buscar provedores que se subscriban aos mesmos [códigos sectoriais ca nós](#).

FERRAMENTAS PARA FACER UNHA MEMORIA DE SUSTENTABILIDADE

GRI

O GRI (Global Reporting Initiative) confeccionou guías orientativas para a elaboración de memorias de sustentabilidade. A guía GRI posúe dúas grandes vantaxes; por un lado, dálles cabida ás tres dimensións fundamentais da RSE e, por outro, proporciona indicadores deseñados para poder medir e verificar os resultados. Recordemos que medir e comparar os resultados, tanto entre diferentes empresas coma na mesma empresa, ao longo de diferentes etapas, é fundamental nun bo reporting de RSE. GRI ofrece diferentes ferramentas para lles axudar tanto ás organizacións principiantes coma ás máis experimentadas na elaboración de memorias. Entre as ferramentas inclúense diversos equipos para a elaboración de memorias básicas GRI, a lista de verificación GRI e o índice de contidos GRI, así como, publicacións que mostran as sinerxías entre a GRI e outras normas e iniciativas similares.

Neste sentido, recomendamos tamén consultar a publicación *As 30 regras de ouro da RSE para pemes, de Forética*, que no seu capítulo 2 sinala as 10 regras básicas para elaborar a memoria de sustentabilidade.

XUNTA PRO-RSE

Esta ferramenta pioneira facilitaralle á empresa a elaboración de memorias de sustentabilidade, xa que permite incorporar os indicadores de desempeño á xestión e identificar as fortalezas e as debilidades dentro da RSE da organización. Ademais, permite a xeración de informes personalizados segundo as características e as necesidades da empresa, sen renunciar a que poidan ser comparables con informes doutras organizacións. Esta ferramenta é gratuíta e está dispoñible na web [de RSE de la Xunta de Galicia](#).

AA1000

A norma AA1000AS (2008) é unha norma recoñecida internacionalmente e de libre acceso. Un aspecto fundamental ao falar de reporting é asegurar a calidade da información transmitida. Con este propósito nace a norma AA1000. O sistema AA1000 é unha ferramenta complementaria a GRI. Mentres GRI se concentra no “que” da información (os indicadores e o formato do difundido), AA1000 brinda normas aplicables aos procesos de difusión e ao desenvolvemento de informes accesibles e obxectivos. Dito doutro modo, regula o procedemento para asegurar a calidade da rendición de contas.



08 TÁBOA RESUMO INICIATIVAS

-

ORGANISMO	PROMUEVE	DESCRIPCIÓN	LINK
AITEX	Estándar certificable	A marca Made in Green certifica que, en toda a rastrexabilidade do produto, este foi fabricado en centros de produción onde se respecta o medio e os dereitos universais das persoas traballadoras. Made in Green é unha certificación creada e aplicada polo Instituto Tecnolóxico Téxtil (Aitex) que certifica procesos produtivos en tres ámbitos: saúde, medio e dereitos humanos das persoas traballadoras, e que se basea en que as empresas-productos certificados como Made in Green están libres de substancias nocivas para a saúde e que foron producidos respectando o medio e os dereitos humanos dos traballadores e das traballadoras. Certifícase, polo tanto, o produto e mais quen o produce.	
Campaña Roupa Limpa	Código de conduta laboral	A campaña Roupa Limpa propón unha guía sobre como elaborar un código de conduta. Nesta guía, a campaña Roupa Limpa ofrece directrices sobre o que as empresas poden facer para mellorar a avaliación, a implementación e a verificación do cumprimento dos estándares laborais nas súas cadeas de subministración, así como, para eliminar os abusos onde e cando se produzan.	
Ethical Trading Initiative	Recomendacións para o comercio ético	Ethical Trading Initiative pon á disposición do público unhas recomendacións básicas para o comercio ético, dispoñibles en varios idiomas.	
Fair Labor Association (FLA)	Acreditación	A Fair Labor Association (FLA) é unha entidade sen ánimo de lucro que vela polos dereitos das persoas traballadoras da industria en todo o mundo. A misión da FLA é combinar os esforzos da industria, das organizacións da sociedade civil e das universidades para protexer os dereitos dos traballadores e das traballadoras e mellorar as condicións de traballo, para o que promove a adhesión aos estándares laborais internacionais. A FLA conduce, a través de auditores independentes, verificacións para asegurar que os seus estándares laborais sexan respectados nas fábricas onde se procesan produtos para compañías (marcas) que se adhíren ao programa da FLA. FLA outórgalles unha acreditación ás marcas de rango mundial que demostran, nun período de 2-3 anos, que os seus programas de cumprimento social e prácticas laborais cos seus provedores en todo o mundo foron implementados con éxito e que cumpren cos requirimentos do código de conduta da Fair Labor Association.	
Fair Wear Foundation (FWF)	Código laboral	As prácticas do código laboral de FWF incorporan as seguintes normas: prohibición do traballo infantil, prohibición do traballo forzado, condicións laborais seguras e salubres, contratos de traballo legais, pagamento dun salario que permita vivir, liberdade de asociación e dereito de convenio colectivo, non discriminación das persoas traballadoras e xornadas laborais non excesivas. A Fundación Fair Wear Foundation (FWF) ten como obxectivo fomentar unhas condicións laborais xustas no sector téxtil en todo o mundo e supervisar auditorías a escala internacional. A Fair Wear Foundation comproba que as prácticas do código laboral se cumpran e se respecten nas fábricas.	

ORGANISMO	PROMUEVE	DESCRIPCIÓN	LINK
Forética	Estándar certificable	A norma de empresa SGE 21 é o primeiro sistema de xestión da responsabilidade social europeo que permite, de xeito voluntario, auditar procesos e alcanzar unha certificación en xestión ética e responsabilidade social. O sistema de xestión SGE 21 foi o elixido tanto por empresas multinacionais de primeira liña coma por pequenas e medianas empresas. Parte de modelos consolidados como os de calidade e medio natural, aos que enriquece a través dunha visión multistakeholder. Deste xeito, sistematiza as relacións con 9 áreas de xestión, para as que establece uns criterios que son desenvolvidos por un código de conduta e supervisados por un comité de ética. Esta norma está estendida sobre todo en España e en América do Sur.	
FSE:THC (Federación Sindical Europea do Têxtil, da Confección e de Coiro) e Cotance (Confederación de Asociacións Nacionais de Curtidores da Unión Europea)	Código de conduta sectorial	Ambas as dúas organizacións asinaron, en xullo de 2000, un código de conduta coas patronais europeas do têxtil-confección e do curtido. Mediante a elaboración deste código, os membros recoñecen a súa responsabilidade fronte as persoas traballadoras, dadas as condicións nas que estes producen ou abastecen servizos vendidos ou distribuídos polas empresas afiliadas ás súas organizacións membros.	
Global Organic Textile Standard (GOTS)	Estándar certificable	O Global Organic Textile Estándar (GOTS) integra todas as etapas de transformación têxtil. A fibra bruta debe contar coa certificación de procedente da agricultura ecolóxica e todo o proceso de transformación debe respectar os criterios ambientais e sociais.	
Global Reporting Initiative (GRI)	Memoria de sustentabilidade	GRI é unha organización internacional sen ánimo de lucro que promove a sustentabilidade económica, ambiental e social. Ofrecélles a todas as empresas e organizacións un conxunto de ferramentas para elaborar informes de sustentabilidade completos. Pódese acceder ás guías para a elaboración das memorias, así como, aos suplementos sectoriais, a través do seu sitio web. Non todos os documentos están en español, aínda que si a maioría.	
Oeko-tex	Estándar certificable	A norma Oeko-Tex® Estándar 100 é un sistema de ensaios e certificación unificado a escala mundial para produtos têxteis crus, intermedios e rematados en todas as etapas de proceso. As análises das substancias tóxicas comprenden substancias prohibidas e regulamentadas legalmente, produtos químicos estimados de perigosos para a saúde, así como, parámetros de prevención hixiénica.	
Organic Exchange	Estándar certificable	Este estándar ten por obxectivo garantir un contido mínimo de algodón ecolóxico no produto final, pero non garante as etapas de transformación do têxtil e, en concreto, as tinguiduras.	
Rede Española do Pacto Mundial	Informe de progreso - memoria de sustentabilidade	As empresas asinantes do Pacto Mundial dispoñen dunha ferramenta na súa web a través da cal poden elaborar un informe de progreso equiparable a unha memoria de sustentabilidade.	

ORGANISMO	PROMUEVE	DESCRIPCIÓN	LINK
SAI	Estándar certificable	A Social Accountability International (SAI) é unha organización internacional sen ánimo de lucro, multistakeholder, dedicada a desenvolver e a implementar normas socialmente responsables, para mellorar as condicións de traballo. En 1997, SAI lanzou a norma SA8000 (Social Accountability 8000 Estándar), baseada en normas laborais de convencións da Organización Internacional do Traballo (OIT), da Declaración de Dereitos Humanos e da Convención de Nacións Unidas sobre os Dereitos do Neno. Esta norma é unha certificación verificable e auditable por terceiras partes. É recoñecida no ámbito mundial e é unha das máis prestixiosas en temas de dereitos laborais. Ten un enfoque vertical no ámbito laboral e nace co fin de garantir as condicións de traballo e de evitar abusos en relación coas persoas traballadoras.	
UE	Etiqueta ecolóxica comunitaria	Os produtos téxtiles con escaso impacto ambiental, de acordo cunha serie de requisitos ambientais e dos criterios ecolóxicos específicos para estes produtos, poderán obter o distintivo de etiqueta ecolóxica comunitaria. A etiqueta ecolóxica achega numerosas vantaxes a todos os grupos implicados na actividade comercial do sector téxtil: mellora a imaxe da empresa, permítelle ao comercio dispoñer de información exacta sobre os produtos en venda e garántelle a quen o consume adquirir un produto respectuoso co medio e coa saúde.	
The Worker Rights Consortium (WRC)	Código de conduta	O Consorcio dos Dereitos do Traballador (en inglés, The Worker Rights Consortium, ou WRC) é unha organización independente que monitoriza o cumprimento dos dereitos laborais e que investiga sobre as condicións laborais en diferentes fábricas en todas as partes do mundo. O propósito é combater o problema das maquilas abusivas e protexer os dereitos das traballadoras e dos traballadores que confeccionan pezas e que fan outros produtos para vender nos Estados Unidos.	
WRAP	Certificación de principios	WRAP é unha organización independente sen ánimo de lucro dedicada á certificación das condicións de traballo legais, humanas e éticas en todo o mundo. Certifica fábricas en función de 12 principios.	
Xunta de Galicia, Consellería de Traballo e Benestar	Xunta PRO-RSE Ferramenta informática de autodiagnóstico - memoria de sustentabilidade	Esta ferramenta pioneira permitirá integrar os proxectos e os seus indicadores de seguimento. A ferramenta Xunta PRO-RSE está deseñada para calquera tamaño de empresa de calquera sector. Permitirá tamén que os proxectos e os indicadores introducidos se plasmen en memorias de sustentabilidade.	

